

MANUAL DE USO PARA O ALUMNADO

MANUAL DE USO



PROXECTO LEVADO A CABO CUNHA LICENZA
DE FORMACIÓN DURANTE O CURSO 2021-2022

MANUEL MASEDA DEÁN E MARTÍÑO RAMOS SOTO



ESTE PROXECTO ESTÁ PROTEXIDO POR UNHA LICENZA
CREATIVE COMMONS ATRIBUCIÓN-NON COMERCIAL-COMPARTIRIGUAL 4.0



O proxecto Ao Son da Nosa Música preséntase baixo o formato dunha **aula virtual en formato Moodle**.

Este tipo de formatos xa son familiares para todas e todos vós ;)

A Aula Virtual comeza cunha **benvida** escrita e un **vídeo ilustrativo**:




Benvidas e benvidos [Ao Son Da Nosa Música](#).

Un proxecto colaborativo e expansivo que ten como obxectivo a creación e desenvolvemento dun proceso innovador de **participación da Comunidade Educativa** no coñecemento, valoración e difusión da **música en galego** entre a xuventude como ferramenta impulsora de dinamización lingüística, social e cultural.

A motivación deste proxecto está baseada nunha **análise realizada** no presente curso sobre os **hábitos musicais** do alumnado galego, da que se desprende un alarmante grao de descoñecemento da música en lingua galega. Ao mesmo tempo, partindo tamén dunha serie de **entrevistas** previas con artistas galegas e galegos, chegamos á conclusión de que é preciso tecer **pontes reais** entre o **mundo artístico** e o **educativo**. (ArtEscola)


Por isto consideramos tan importante crear **recursos** didácticos dixitais e **propostas metodolóxicas** activas para implementar na aula dun xeito transversal, coa Arte como ferramenta facilitadora (STEAM).

Máis de 1.000 **enquisas** realizadas en **24 centros educativos**, **20 vídeos interactivos** con artistas e divulgadoras, **6 secuencias didácticas** con cadanseu proxecto de investigación (ABP), **2 programas de radio**, **2 sintonías propias**, **vídeo-tutoriais**, **infografías** ...



Os vídeos están todos aloxados na **canle** de “Ao Son da Nosa Música” e ábreanse en lapelas emerxentes.

Aparecen **seis secuencias didácticas** separadas por faixas.



En cada unha destas secuencias didácticas podemos atopar unha **breve explicación** e un **vídeo explicativo** como a do exemplo:

AO SON DA CREACIÓN

É o momento de ir pensando en que somos quen de crear as nosas cancións orixinais ou versións dos temas que estamos a ver. Para comezar, **Informa-T** con estes vídeos onde o músico **Ico** (O Sonoro Maxín) comparte con nós cal é o seu xeito de crear música: como se inspira, como o recolle, como o escribe e o comparte coa súa banda. Tamén poderemos ver como fai o recoñecido **You Tuber Cousxs** os seus vídeos divulgativos.

Que tal se agora creamos nós? Imos espallar a **creatividade na aula**. Atentas e atentos aos nosos consellos e **seguid os asubíos**.



O ideal é **visualizar o vídeo** para comezar a achegarnos á **seuencia didáctica**.

A maiores, en cada unha das secuencias, tamén aparecen unha serie de propostas divididas en catro apartados:



No apartado de **Infórma-T** teredes un **libro interactivo en formato H5P** polo que navegar. Comezade premendo en **Ler**. Teñen un menú de **páxinas** na parte esquerda. Tamén podedes pasar as páxinas de xeito ordenado premendo nos botóns **>** ou **<**.

INFÓRMA-T Ao Son das Enquisas



INFÓRMA-T Ao Son das Enquisas

INFORMACIÓN SOBRE A SECUENCIA


Ler

No apartado de **Actíva-T** podedes atopar **actividades** para realizar de xeito individual. A maiores de presentarse en formato libro, como na sección anterior, tamén aparecen actividades a modo de **xogos** como a seguinte:



ActívaT con estes 3 xogos de bandas e proxectos pedagóxicos musicais galegos.

Arrastra as imaxes da esquerda para facelas coincidir co nome correspondente da dereita



TANXUQUEIRAS

UXÍA

DIOS KE
TE CREW

ORTIGA

BAIUCA

XABIER
DÍAZ

MOUNQUP

GUADI
GALEGO

O SONORO
MAXIN

No apartado de **Proxécta-T** tendes varias propostas de traballo en grupo por **proxectos**. Hai unha serie de **infografías** para guiar o proceso e vídeos explicativos que axudan a realizar a investigación.

O formato de presentación volta a saber o de libro, coma por exemplo:

PROXÉCTA-T Ao Son das Enquisas



No apartado de **Valóra-T** están creadas unhas **rúbricas** para a valoración do traballo por equipos/individual. A primeira pantalla que aparecerá esta:



Unha vez premades na pestana **introducir** aparecerá a seguinte imaxe na que tendes que ir á lapela **Aplicar**.



Para rematar aparece unha última secuencia que funciona a modo de **repositorio**. Aquí tendes acceso directo á canle de **youtube**, **listas de reproducción** de música, proxectos **referentes** e artigos de **prensa** interesantes.

AO SON DO REPOSITORIO

Un espazo pensado para a comunidade educativa onde atoparedes recursos ordeados para poder empregar na aula. Experiencias didácticas moi interesantes que merecen ser proxectadas de xeito expansivo, webs de interese, artigos de prensa, tendencias de YouTube, listas de reprodución de Spotify ... Asubíanos se consideras que podemos incluír algunha máis. Agradecerémolo ao son da nosa música!!!









☒





☒

PROXECTO LEVADO A CABO CUNHA LICENZA DE FORMACIÓN DURANTE O CURSO 2021-2022

MANUEL MASEDA DEÁN E MARTIÑO RAMOS SOTO




ESTE PROXECTO ESTÁ PROTEXIDO POR UNHA LICENZA CREATIVE COMMONS ATRIBUCIÓN-NON COMERCIAL-COMPARTIRIGUAL 4.0

☒

☒

☒